



Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente - SINASP

Informe de avaliación ano 2022



1. Introducción

O Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente (SINASP) é un sistema que permite a comunicación e rexistro de incidentes, eventos, circunstancias ou erros que afectan ou poderían afectar á seguridade dos/as pacientes.

O obxectivo principal do SINASP é mellorar a calidade da atención sanitaria e a seguridade do/a paciente, a través do estudo dos incidentes, do contexto no que ocorreron, dos riscos latentes preexistentes e dos factores que contribuíron a súa aparición, para implantar as accións de mellora necesarias para evitar que se repitan no futuro.

A mellora da seguridade dos pacientes pasa por incrementar a cultura de seguridade nas institucións sanitarias, centrándose na aprendizaxe e dirixindo as accións de mellora ao propio sistema, transformando así a cultura de culpa.

O énfase principal do SINASP está na aprendizaxe para a mellora, constituíndose como os seus principios básicos a voluntariedade, a non punibilidade, a confidencialidade, a notificación anónima (ou nominativa con anonimización dos datos), a súa orientación sistémica (as accións de mellora non se centra no profesional, evítase a súa culpabilización), e un carácter local na análise para a aprendizaxe e a implantación de melloras.


2. Análise do total de incidentes notificados

Neste informe analízanse os incidentes notificados ao SINASP por parte de todos aqueles centros dados de alta no sistema (centros de atención primaria, hospitais pertencentes á rede do Sergas, Povisa, Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, Galaria) correspondentes ao ano 2022, presentándose a serie temporal dos datos do último quinquenio (2018-2022).

Así, no ano 2022, o número total de notificacións efectuadas ao Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente SINASP en Galicia foi de 1.815, 358 máis que o ano anterior (1.457), o que supón un incremento do 24,6%. Do total de notificacións, 1.615 corresponden a centros pertencentes á rede do Sergas e as restantes 200 foron realizadas por POVISA.


Como pode apreciarse na Gráfica 1, no ano 2019, acadouse o maior número de notificacións (2.399) desta serie temporal, cifra que foi descendendo desde entón ata o ano 2021, no que se rexistrou o menor número de notificacións (1.457), coincidindo cos anos de maior impacto da pandemia causada polo SARS-CoV-2.

Gráfica 1. Evolución do número total de notificacións ao SINASP. Período 2018-2022



Na análise por área sanitaria, obsérvase un aumento do número de notificacións no ano 2022 con respecto ao ano 2021 en todas elas. Destacan polo seu ascenso as áreas sanitarias de Vigo, co 39,8% máis de notificacións no ano 2022, seguida da de Santiago e Barbanza, no que o crecemento foi do 36,3% e da Área Sanitaria da Coruña e Cee, onde as notificacións se incrementaron un 35,5%. Na parte inferior da táboa, sitúanse Ferrol, cun aumento do 4,2% e a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte onde o incremento foi do 6,2%.

Gráfica 2. Evolución do nº total de notificacións ao SINASP por área sanitaria (centros pertencentes ao Sergas). Período 2018-2022




Táboa 1. Evolución do número total de notificacións ao SINASP por área sanitaria no período 2015-2022. Porcentaxe de incremento 2021-2022

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	Incremento 2021-2022 (%)
Coruña e Cee	337	421	373	332	386	311	231	313	35,5
Ferrol	180	158	188	206	131	123	95	99	4,2
Santiago e Barbanza	371	295	233	149	216	173	179	244	36,3
Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	350	359	364	385	364	301	274	291	6,2
Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	222	294	194	303	401	303	211	257	21,8
Pontevedra e O Salnés	191	227	202	200	296	152	58	67	15,5
Vigo	253	339	268	315	321	248	246	344	39,8

Análise por tipo de incidente


O tipo de incidente máis frecuente no ano 2022 foi o relacionado coa "Xestión organizativa – Recursos" (14,51%), ocupando a segunda posición a "Medicación" (10,75%), "Equipos/dispositivos" figura na terceira posición (8,94%), colocándose no cuarto posto o "Atraso ou tempos inadecuados" co 7,52%. A continuación figuran os incidentes relacionados coa "Identificación" e "Comunicación", cunha porcentaxe de 6,92% e 6,07% respectivamente, sendo inferiores ao 6% os restantes tipos de incidentes, segundo se observa na Gráfica 3.

Gráfica 3. Clasificación dos incidentes segundo o seu tipo no ano 2022 (%)




O tipo de incidente máis frecuente historicamente foi a Medicación, seguido do relativo á Xestión organizativa-Recursos, tal e como ocorreu nos anos 2018 e 2019, do quinquenio analizado. Non obstante, no ano 2020 e por primeira vez desde a implantación do SINASP, esta orde intercámbiase, pasando a ocupar o primeiro posto a Xestión organizativa-Recursos e a Medicación o segundo.

Gráfica 4. Representación dos 6 tipos de incidentes máis frecuentes. Período 2018-2022



Así mesmo, cabe subliñar tamén o descenso da porcentaxe da Medicación que pasa do 24,05% no ano 2011 ata 10,75% no ano 2022, tal e como se observa na Gráfica 5.

Gráfica 5. Tipos de incidentes máis frecuentes por ano (seis primeiros)






2.1.1 Incidentes notificados nos hospitais

Neste apartado inclúense os incidentes notificados nos hospitais do Sergas e POVISA.

Os incidentes notificados no ámbito hospitalario no ano 2022 foron 1.710, cifra similar a acadada no ano 2020 (1.632) e que supón un incremento do 26,7% con respecto ao ano anterior (2021).


Gráfica 6. Evolución do número de notificacións ao SINASP en atención hospitalaria. Período 2018-2022



Análise por tipo de incidente

No ano 2022, os tipos de incidente máis frecuentes correspondentes ás notificacións efectuadas nos hospitais pertencentes ao Sergas e POVISA foron, en primeiro lugar, aqueles relacionados coa Xestión organizativa-Recursos, que representan o 14,7% do total; a continuación, sitúase a Medicación, cunha porcentaxe do 10,3%; o terceiro lugar está ocupado polos incidentes relacionados cos Equipos-dispositivos, cun 9,2%. No cuarto e no quinto posto figuran o Atraso ou tempos inadecuados (7,7%) e a Identificación (7,0%).


Gráfica 7. Clasificación dos incidentes segundo o seu tipo, notificados nos hospitais do Sergas e POVISA no ano 2022 (%)



Análise segundo o risco asociado aos incidentes

Na Gráfica 8 pode verse a clasificación dos incidentes notificados nos hospitais no ano 2022, segundo o seu SAC (Severity Assesment Code). Os menos frecuentes, os catalogados como SAC 1 (Risco extremo), representan case o 1% dos incidentes notificados (0,9%), seguidos a continuación polos SAC 2 (Risco alto) cunha porcentaxe do 5,5%. Os incidentes catalogados como SAC 3 e SAC 4, correspondentes a Risco medio e Risco baixo, presentan unhas porcentaxes bastante similares, cun 15,8% e un 17,9% respectivamente. Como en anos anteriores, o maior número de incidentes figuran como sen SAC (59,9%).

Gráfica 8. Clasificación dos incidentes segundo o seu SAC, notificados nos hospitais do Sergas e POVISA no ano 2022 (%)




Táboa 2. Clasificación dos incidentes segundo o seu SAC, notificados nos hospitais do Sergas e POVISA no ano 2022

Clasificación dos incidentes segundo o seu SAC nos hospitais Sergas e POVISA, no ano 2022		
Categoría	Nº incidentes	Porcentaxe sobre o total
SAC 1 - Risco extremo	16	0,9
SAC 2 - Risco alto	94	5,5
SAC 3 - Risco medio	269	15,8
SAC 4 - Risco baixo	306	17,9
Sen SAC	1.021	59,9
	1.706	100,0

Análise dos incidentes pola gravidade das consecuencias para os pacientes


No ano 2022, a porcentaxe de incidentes que chegaron ao paciente foi do 40%, sendo a cifra máis baixa do quinquenio 2018-2022 analizado, exceptuando o acontecido no ano 2020 no que representou o 35%. Será necesario seguir observando a evolución deste indicador, para saber se se confirma a tendencia descendente.

Gráfica 9. Evolución da porcentaxe de incidentes notificados ao SINASP segundo se chegaron ou non ao paciente. Período 2018-2022




Con respecto aos incidentes que chegaron ao paciente e lle causaron dano, cabe resaltar que as porcentaxes apenas varían ao longo do período 2018-2022, tal e como se observa na Gráfica 10.

Gráfica 10. Evolución da porcentaxe de incidentes notificados ao SINASP segundo lle causaron ou non dano ao paciente. Período 2018-2022



Non obstante, ese dato é preciso analízalo conxuntamente co número de incidentes que causaron dano (Gráfica 11), xa que porcentaxes similares, como o 23% do ano 2019 e o 24% do ano 2022, poden corresponderse cun número de incidentes que chegaron ao paciente moi diferente (231 no ano 2019 vs. 165 no ano 2022).


Gráfica 11. Evolución do nº de incidentes notificados ao SINASP segundo lle causaron ou non dano ao paciente. Período 2018-2022



Análise dos incidentes segundo os factores contribuíntes

No ano 2022, os factores que con maior frecuencia contribuíron á aparición do incidente foron, en primeiro lugar, os factores da organización (33,7%), seguido dos factores profesionais (30,8%), figurando en terceiro lugar o contorno de traballo/instalacións/equipamento.

Gráfica 12. Evolución da porcentaxe dos tres factores contribuíntes máis frecuentes na aparición do incidente. Período 2018-2022



Tal e como se observa na Gráfica 12, o peso dos factores da organización foi aumentando desde o ano 2018, cunha porcentaxe de 31,6%, ata acadar o máximo do período de estudo nos anos 2020 e 2021 (36,5%), para diminuír no ano 2022 ata o 33,7%.


Análise dos incidentes pola profesión do notificante

No ano 2022 e como é habitual en atención hospitalaria, o persoal de enfermaría é o que notifica o maior número de incidentes (62,8%), seguido con diferenza polos médicos (18,5%), farmacéuticos (4,69%) e técnicos auxiliares de enfermaría (4,16%).

Esta mesma orde mantense en todos os anos do período 2018-2022, agás no ano 2020, no que os técnicos auxiliares de enfermaría superan aos farmacéuticos en canto ao número de notificacións.

2.1.2 Incidentes notificados nos centros de atención primaria

O número de notificacións en atención primaria foi similar nos anos 2021 e 2022. Non obstante, obsérvase un importante descenso das notificacións a partir do ano 2020, cunha diminución do 67% se compararmos as cifras co ano inicial e final de estudo (2018 e 2022).




Análise por tipo de incidente

No ano 2022, a categoría principal de incidentes notificados en atención primaria foi a Medicación (25 incidentes, 21%); o segundo lugar ocúpanno Outros procesos administrativos (16 incidentes, 13%); a continuación sitúanse o Tratamento (excluíndo a medicación) e a Xestión organizativa – Recursos, ámbolos dous con 13 incidentes e una porcentaxe do 11%, tal e como se aprecia na Gráfica 13.

En todos os anos do período 2018-2021, a Medicación tamén foi a categoría cunha maior porcentaxe de notificacións: 21% no ano 2018, 24% no ano 2019, 20% no 2020 e un 26% no ano 2021.


Gráfica 13. Clasificación dos incidentes segundo o seu tipo, notificados nos centros de atención primaria no ano 2022



Análise segundo o risco asociado aos incidentes

Na Gráfica 14 pode verse a clasificación dos incidentes notificados en atención primaria no ano 2022 segundo o seu SAC (Severity Assesment Code). A categoría máis frecuente correspóndelle aos incidentes clasificados como SAC 4 (Risco baixo), cun 35,37%; a porcentaxe dos SAC 3 (Risco medio) e Sen SAC son moi similares, cun 31,71% e 30,49% respectivamente, constituíndo os de aparición menos frecuente os catalogados como SAC 1 (Risco extremo) e SAC 2 (Risco alto), cunha porcentaxe do 1,22% en ámbolos dous casos.


Gráfica 14. Clasificación dos incidentes segundo o seu SAC, notificados nos hospitais do Sergas e POVISA no ano 2022 (%)



Análise dos incidentes pola gravidade das consecuencias para os pacientes


No ano 2022, a porcentaxe de incidentes que chegaron ao paciente foi do 70%. Na análise do período de estudo, obsérvase un aumento anual dos incidentes que chegaron ao paciente a partir do ano 2019 e que acada o seu valor máximo no ano 2021, cunha porcentaxe do 74%. Será necesario esperar ao ano próximo para coñecer como se comporta este indicador e ver se continúa baixando ata acadar valores prepandémicos.

Gráfica 15. Evolución da porcentaxe de incidentes notificados ao SINASP segundo se chegaron ou non ao paciente. Período 2018-2022




Con respecto aos incidentes que chegaron ao paciente e lle causaron dano, cabe resaltar que no ano 2022 obsérvase a menor porcentaxe de incidentes que causaron dano ao paciente (9%), no período 2018-2022.

Gráfica 16. Evolución da porcentaxe de incidentes notificados ao SINASP segundo lle causaron ou non dano ao paciente. Período 2018-2022



Non obstante, ese dato é preciso analizalo conxuntamente co número de incidentes que causaron dano (Gráfica 17), xa que porcentaxes máis baixas (11% no ano 2019) poden corresponderse cun número similar de incidentes que chegaron ao paciente (18 no ano 2019 vs. 19 no ano 2020) (Gráfica 17).

Gráfica 17. Evolución do nº de incidentes notificados ao SINASP segundo se chegaron ou non ao paciente. Período 2018-2022




Análise dos incidentes segundo os factores contribuíntes

Nos anos 2018, 2019 e 2022 os Factores profesionais ocupan o primeiro lugar como contribuíntes na aparición de incidentes, a diferenza do que acontece nos anos de maior impacto da pandemia polo coronavirus, no que se inverte esa posición.

Con respecto ao terceiro factor máis frecuente, o Contorno de traballo/instalacións/equipamento, son nos anos 2020 e 2021 nos que se acadan as porcentaxes máis elevadas do período de estudo.

Gráfica 18. Evolución do nº de incidentes notificados ao SINASP segundo se chegaron ou non ao paciente. Período 2018-2022



Análise dos incidentes pola profesión do notificante

Como é habitual na atención primaria, no ano 2022 os médicos/as son os/as profesionais que notifican un maior número de incidentes (57,3%); a continuación, sitúase o persoal de enfermaría (21,9%), farmacéuticos (7,3%) e persoal en formación (MIR, EIR, FIR, PIR...) (7,32%).

3. CONCLUSIÓNS

No ano 2022, o número total de notificacións foi de 1.815, un 24,6% máis que o ano anterior (1.457), cifra bastante afastada das 2.399 notificacións realizadas no ano 2019 no que se acadaron os valores máis elevados do período de estudo (2018-2022).

As notificacións aumentaron en todas as áreas sanitarias no ano 2022, destacando Vigo, Santiago-Barbanza e Coruña-Cee polo seu incremento: 39,8%, 36,3% e 35,5%. As áreas sanitarias con menor incremento foron a de Ferrol (4,2%) e a de Lugo-A Mariña-Monforte (6,2%).

O tipo de incidente máis frecuente nos anos 2020, 2021 e 2022 foi a Xestión organizativa-Recursos, seguido da Medicación, contrariamente ao que aconteceu desde a implantación do SINASP en Galicia (ano 2011) ata o ano 2019, no que ocorreu o contrario.



Cabe destacar, ademais, o importante descenso da Medicación, cuxa porcentaxe diminúe a máis da metade, pasando do 24,05% no ano 2011 ao 10,75% do ano 2022.

Na atención hospitalaria, no ano 2022:

- os incidentes notificados no ano 2022 (1.710) incrementáronse un 26,7% con respecto ao ano anterior (1.350)
- os tipos de incidente máis frecuentes foron a Xestión organizativa-Recursos (14,7%), a Medicación (10,3%) e Equipos-dispositivos (9,2%).
- o maior número de incidentes figuran como sen SAC (59,9%), a porcentaxe dos clasificados como SAC 4 (Risco baixo) e SAC 3 (Risco medio) é similar (17,9% e 15,8%). Os máis graves, de Risco alto–SAC 2 e de Risco extremo–SAC 1, supuxeron o 5,5% e 0,9% do total.
- un 40% dos incidentes chegaron ao paciente, causándolle dano nun 24% dos casos
- o persoal de enfermaría é o que notifica o maior número de incidentes (62,8%), seguido con diferenza polos médicos (18,5%), farmacéuticos (4,69%) e técnicos auxiliares de enfermaría (4,16%).

Na atención primaria:

- obsérvase un importante descenso das notificacións a partir do ano 2020, cunha diminución do 67% se compararamos as cifras co ano inicial e final de estudo (2018 e 2022).
- a Medicación tamén foi a categoría cunha maior porcentaxe de notificacións en todos os anos do período 2018-2022.
- A categoría máis frecuente dos incidentes foi SAC 4 (Risco baixo), cun 35,37%, seguidos dos SAC 3 (Risco medio) (31,71%) e Sen SAC (30,49%).
- Nos anos 2018, 2019 e 2022 os Factores profesionais ocupan o primeiro lugar como contribuíntes na aparición de incidentes, a diferenza do que acontece nos anos de maior impacto da pandemia polo coronavirus, no que se inverte esa posición.